

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****A) CESAMENTOS****CONSELLERÍA DO MAR**

*ORDE do 28 de outubro de 2024 pola que se dispón o cesamento dunha vogal do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).*

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, establece no seu artigo 7 o carácter e constitución do seu Consello de Administración, e o artigo 4.1 do Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, do seu regulamento, que a consellería competente en materia de pesca designará catro vogais entre o persoal ao servizo da Administración autonómica, que deberá ser persoal funcionario ou persoal laboral fixo. Pola súa banda, o artigo 5 do Decreto 41/2005 dispón que os vogais nomeados por proposta da Administración autonómica poderán ser separados pola consellería competente en materia de pesca.

Polo exposto, en exercicio da facultade atribuída,

DISPOÑO:

O cesamento de Paloma Rueda Crespo como vogal do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2024

Alfonso Villares Bermúdez  
Conselleiro do Mar

